

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/16	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de DECEMBRO de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:40 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI



76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI
Escusas de asistencia presentadas:		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Desculpar por non dar tempo á redacción da acta anterior e queda pendente para a súa aprobación no seguinte Pleno ordinario (Pleno ordinario de xaneiro 2021).

2. Expediente 997/2019. Licenzas Urbanísticas.

O Sr. González indica que retírase da orde do día o expediente correspondente ao Estudo Detalle, por unha cuestión de procedemento e con respecto á carencia duns documentos que se deberían ter anexados ao Estudo Detalle. Polo que por unha cuestión de seguridade xurídica sácase a aprobación deste Estudo Detalle, polo descubrimento desta carencia, e emendarase o antes posible para podela traer de novo ao Pleno.

3. Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico.

Favorable

Tipo de votación

- **Do PP, BNG e PSOE-PSdG:**

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos para a presentación da moción presentada de forma conxunta.

Os grupos Municipais do Partido Popular, BNG e PSOE-PSdG no Concello de Outes, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e



Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno desta Corporación, para o seu debate e aprobación a seguinte:

MOCIÓN: Inclusión de diversas actuacións no Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación de A Coruña POS+2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ante a recente aprobación do Plan Provincial POS+2021 e considerando que hai actuacións que é adecuada incluír no mesmo, os grupos municipais PP, BNG e PSOE-PSdG achegamos, a ese efecto, a seguinte relación de actuacións das que sabemos que xa existen valoracións contidas nos correspondentes Proxectos ou Memorias Valoradas. Somos conscientes de que hai moitas mais actuacións que tamén son necesarias, pero somos tamén coñecedores das limitacións dos recursos económicos deste Plan.

- Mellora de Auditorio da Casa da Cultura da Serra de Outes.
- Arranxo dos Paseos Marítimos de Porto do Freixo e Broña.
- Punto de Atención á Infancia en Cruceiro de Roo.
- Ampliación de almacén no Colexio de Outes.
- Acondicionamento de sede do Clube de Remo Taxamar.
- Acondicionamento de antiga Escola de Tarás.
- Senda peonil para seguridade vial no acceso á Piscina Municipal de Outes.
- Pavimentación en núcleo Brión de Arriba e outros (Pavimentación en núcleo de Brión de arriba + Pavimentación en Viro + Camiño de Gulfián á Canteiriña + Pavimentación en Rates (Acceso á Capela)).
- Pavimentación rúa da Braña no Conchido e outros (Pavimentación Rúa da Braña no Conchido + Pavimentación no lugar de Tarás).
- Humanización rúa Doutor Esperante (Outes).
- Pavimentación viarios en Pumar, Cures e Broña.
- Arranxo do Paseo Fluvial de Serra de Outes.

ACORDO:

Que o Goberno Municipal inclúa no Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación de A Coruña (POS+2021) as actuacións antes referenciadas.

Trala lectura da presente moción a Sra. Molinos indica que queren aclarar con respecto a esta moción que a presentan porque a pesar que no anterior Pleno ordinario no que se debateu o destino dos remanentes municipais e a na proposta do Goberno estaban incluídas estas obras, repetiron en numerosas ocasións que



non nos opoñíamos á realización destas obras e que parece que o Goberno non lles quedou claro. Indica que o Goberno non tardou nada en terxiversar a postura que tiñamos. Sinala que a ver si desta lles queda claro, que aquí están estas actuacións e están propostas para que se executen, para que se fagan.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que é un listado de obras que aparece na proposta que o Goberno fixo para a liberación do remanente. Unha liberación do remanente na que botamos en falta que non se respectara a razón dese cambio, non se incluía ningunha obra de tipo social nin creación de emprego local. Tal e como xa expuxemos no anterior Pleno nós non tiñamos nada en contra das obras, unhas máis necesarias e outras menos, unhas máis urxentes e outras menos, pero non tiñamos absolutamente nada en contra. O que tiñamos en contra é que vostede utilizara un cambio de normativa fiscal para meter unha serie de obras, sen ter ningún tipo de consenso ou acordo cos grupos da oposición para incluír no listado.

Estas son algunhas das obras que fan falta, que sabemos que son necesarias, aínda que hai outras moitas que iremos propoñendo en distintas ocasións e que queremos que Outes siga mellorando pero non a calquera prezo, que os cartos públicos hai que tratalos con moito coidado e moita precaución.

Continúa a Sra. Suárez indicando que, polo tanto, pensan que esta é unha opción á coherencia de que efectivamente non estamos en contra das obras e por iso traemos esta proposta de obras necesarias para o noso Concello. Nos o que estabamos en contra era do xeito que vostede quería conseguir a partida para estas obras.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que expón que nesta moción houbo diálogo e con esta moción o partido socialista de Outes estalle a dicir si ás obras que vostede afirmou que non se ían facer pola nosa culpa. Pois ben, aí ten vostede as obras e a ver se agora é vostede quen de negarlle as obras aos veciños. Sabemos que son obras imprescindibles como vostede mesmo dixo o que si consideramos e que había outras formas de acceder a elas e sen tanto custo e que había outras maneiras, así como que había outras que podendo ser necesarias non consideramos que fosen imprescindibles.

Toma a palabra o Sr. González que indica que entende que a moción que se presenta de forma conxunta dalgunha maneira da conta dun certo remordemento



de conciencia e tamén a expirar culpas. Dado que vostedes votaron en contra destas obras fai un mes e pico que se poderían financiar sen ningún tipo de problema cos remanentes. Entendo que agora precisan expirar culpas. Continúa o Sr. González indicando que o feito de non terse aprobadas fai un mes e traelas agora no POS 2021 non ten un custo cero e ten implicacións, e non son pequenas. A primeira implicación é que a súa execución vai ser máis tardía, xa que nos as obras dos remanentes tiñamos que telas rematadas o 31 de decembro do 2021, vostedes saben que os ritmos de execución do POS son moito máis amplos, xa que dependen doutras administracións, e que como moi cedo poderemos estar executando a mediados de 2022. A segunda consecuencia é o custe de oportunidade, o problema de non ter aprobadas estas mesmas obras fai un mes e medio e traelas agora ao POS 2021 é que non podemos meter agora 800.000€ en obras diferentes a estas. Necesidades hai e nos poñemos a intención de meter obras necesarias que agora terán que agardar aínda máis tempo.

Indica o Sr. González que estas son as consecuencias daquela decisión pero que en calquera caso nós na medida que fai un mes e medio consideramos que estas obras eran necesarias e de urxencia indica e adianta que votaran a favor das mesmas. Teremos que agardar máis tempo e os remanentes seguirán no banco sen poder ser utilizados. Engade que recorda que cando estaban na oposición nunca votaron en contra de ningunha obra que propoñía o grupo de Goberno e nin se nos anunciaba nin negociaba.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que efectivamente non se atopan en contra de ningunha obra senón que tiñan que ser executadas por outra vía. Non estamos en contra de ningunha destas obras e o feito de que non o estabamos, mediante esta moción estamos recordándolle o que vostede non quixo escoitar en ningún momento e que vostede contou aos veciños como a vostede lle pareceu. Creemos que está claro que o noso grupo non se opuxo a esas obras, non se opuxo no Pleno ordinario de novembro porque na moción dicíase que se incluía noutro plan de obras, e non se opón agora porque está nunha moción que se lle pide que se fagan.

Con respecto ao custo de oportunidade a Sra. Molinos indica que o remanente está para o ano que ven e pódese abrir outro expediente para o ano que ven. As consecuencias son nada máis que a falta de diálogo das obras que presentou no mes de novembro e a falta de diálogo que ten habitualmente.

Con respecto ao remate das obras no 2022 a Sra. Molinos indica que non sabe porque, as obras do POS do 2021 son para facer no 2021, se vostede é o



suficientemente áxil e eficiente poden estar contratadas e feitas as obras no 2021, non hai ningún problema solo hai que facelo.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que expón que case pode entender que non teñan rematadas as obras o 2021 ao paso que vamos, xa que, as do ano pasado aínda estamos esperando por elas. No BNG efectivamente non temos remordementos de conciencia e que actuamos do xeito máis transparente que se pode facer e lle explicamos aos veciños as razóns polas que non se liberaba o remanente. Vostede sigue teimando no discurso que lle gusta manter que é o de sacar oportunidades a Outes. O remanente non está solo para obras e non todo é cemento hai outras moitas mais cousas que facer. Diálogo non hai e temos que aceptar ou non aceptar. Non había ningunha mellora de tipo social ou inversión de tipo social para unha situación tan complicada pola que están pasando moitas das familias do noso Concello, vostede o único que ve son obras e obras que son necesarias pero non eran as maneiras nin formas de conseguir de que se aprobaran esas obras. Primeiro porque o cambio da normativa fiscal non foi única e exclusivamente para facer obras e segundo porque vostede non tivo nin o detalle de sentarse a falar ou a dialogar con ningún dos grupos da oposición e esta é a realidade.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que expón que o Goberno falaba de que ía rematar as obras nun ano e sería por obriga e por lei, é difícil de crer xa que non foi quen de cambiar as luminarias de Ponte Nafonso durante un ano e agora di que vai facer 23 obras.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS



- **PREGUNTAS**

- **DO PLENO ANTERIOR:**

- **Do PP:**

PREGUNTA 1. No mes de xullo pasado publicouse no xornal da Voz de Galicia a firma dun convenio de colaboración entre a entidade Microbank dependente de Caixabank e o Concello de Outes coa finalidade da creación de liñas de crédito para basicamente axudar a emprendedores, autónomos e microempresas do Concello.

1.- Cantos emprendedores, microempresas ou autónomos de Outes solicitaron ser beneficiarios deste convenio e cantos se teñen xa beneficiado del?¿Que tipo de liña de crédito se lle concedeu?

2.- Cales son as implicacións do Concello nestes créditos?

Toma a palabra o Sr. González respondendo que asinaron un convenio con Microbank e está destinado a financiar tanto o emprendemento como o circulante de empresas xa existentes. Polo momento houbo catro emprendedores interesados nas mesmas, estes diríxense ao axente de desenvolvemento local e esta ve onde se encadra. Acabamos de asinar outro convenio semellante con Abanca. Polo momento non se concretaron ningunha destas axudas.

A implicación que ten para o Concello é que o axente de desenvolvemento local é o primeiro filtro dos proxectos dos plans de empresa que presentan os emprendedores. É dicir, o axente de desenvolvemento local axúdalle a realizar o plan de empresa e o plan de negocio e con este vaise á entidade coa aprobación anterior do Concello e a entidade fai unha segunda valoración do documento e se todo é correcto concédelles o financiamento, pero non hai implicación económica para o Concello senón que implicación do noso persoal para asesoramento para os emprendedores.

PREGUNTA 2. No pasado Pleno do outubro o Concelleiro de Deportes manifestou que dende xuño de 2019 a setembro de 2020 se levaba gastado na piscina municipal 21.000€ en arranxos e a nosas preguntas son:

1.- Cales son os conceptos que se corresponden con eses arranxos?

2.- Eses arranxos solucionaron as deficiencias polas que foron feitos? E de non ter solucionado algunhas desas deficiencias, ¿cales foron?



Toma a palabra o Sr. Rodríguez Concelleiro de Deportes que responde que con relación aos conceptos trátanse de tres arranxos, o primeiro trátase da colocación de vidros dobres no corredor que vai da saída dos vestiarios e a piscina, o segundo foi o arranxo da máquina deshumidificadora que é a controladora da temperatura e humidade da piscina e terceiro a colocación dunha cristaleira lateral e os remates na sala nova, a sala nova onde se atopa agora o ximnasio, da parte lateral. Solucionáronse os problemas que se daban que consistían en filtracións de auga no corredor e mantense temperatura e a humidade do aire na piscina e evita as filtracións laterais na sala nova.

Toma a palabra a Sra. Molinos para aclarar que quere dicir que se atopa solucionado o problema de caldeiros para recoller as goteiras da piscina. Ao que o Sr. Rodríguez resposta que neses sitios non hai.

- **Do Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. Facendo referencia á moción aprobada no Pleno de outubro con respecto a iniciar conversas co Concello de Mazaricos para a declaración do espazo natural de interese local. Falaron vostedes co Alcalde de Mazaricos?

Responde o Sr. González que si que falaron co Alcalde de Mazaricos para trasladarlle a posibilidade e esta mesma semana concretar co biólogo para elaborar un estudo necesario para a solicitude de declaración. Continúa o Sr. González indicando que por unha parte para dicir que na moción indicábase unha zona, e a cuestión é que comprobada a zona sinalada na moción é todo do Concello de Mazaricos o que falamos que calquera actuación nesa zona que a plantexa Mazaricos.

Indica o Sr. Núñez que hai unha parte que si que forma parte do noso Concello aínda que sexa pequena. Toma a palabra o Sr. González indicando que a actuación que se faga conxunta entre os dous Concellos debe realizarse onde os Concellos son limítrofes e parécenos que hai unha área que remata na fervenza que non está claro de que Concello é.

Outra cuestión importante é que unha cousa é o que prepare o Concello e outra é que para a concesión final da Xunta de Galicia require a autorización de tódolos propietarios das fincas privadas. Quere aclaralo, xa que se non autorizan non se pode facer.



Intervén a Sra. Suárez para indicar que hai dúas zonas que si que están cerca de San Paio que esa é unha zona a protexer. Indica o Sr. González que será necesario sentarse para poder aclarar ben os límites. Indica a Sra. Suárez que sería necesario non dilatar moito a cousa. O Sr. González indica que poden falalo a semana que ven.

- **PREGUNTAS ORAIS PARA ESTE PLENO:**

• **Do PP:**

PREGUNTA 1. Varios veciños das rúas Agro das mozas, Castelao e Tines trasladáronnos o seu descontento porque non se instalaran ningún arco de luces do Nadal nin ningún ornamento, sendo estes lugares moi transitados e nos que se sitúan varios comercios e negocios, queremos saber:

1.- Porqué non se instalou ningún ornato navideño nesas rúas?

PREGUNTA 2. O que quixo dicir vostede con respecto ao convenio falado con anterioridade, é que o Concello ten un traballador a disposición da entidade bancario para que filtre os proxectos e que analice e que os leve filtrados alí?

• **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Con respecto ao que propuxemos fai un ano para o Monte da Pena e que lle rogamos durante varios meses, queremos saber:

1.- Avanzouse algo no estado de tramitación?

PREGUNTA 2. Entendemos segundo se nos dixo que se pecharon áreas da piscina, gustaríanos saber: porqué?, durante canto tempo? E que se nos explique esta situación e rogamos que se nos informe antes do vindeiro pleno.

PREGUNTA 3. Temos constancia de que unha veciña do Concello púxose en contacto co Goberno coa intención de cederlle a súa propiedade para que o Goberno analizara a posibilidade de adecuar unha vivenda histórica dunha familia importante da carpintería da Ribeira coa intención de realizar alí un albergue municipal. Queremos saber:



1.-Se o Goberno en realidade analizou esta proposta e porque se lle dixo que non cando unha veciña propón ceder a súa propiedade para uso municipal.

4. ROGOS.

- Do PARTIDO POPULAR:

ROGO 1. En relación coa primeira pregunta plantexada, para que os veciños e transeúntes poidan desfrutar do ambiente da tempada de Nadal na medida do posible, que creemos que si, instalen algún ornamento mínimo como xa desfrutan os veciños doutras rúas.

ROGO 2. As sinais de tráfico que recorrentemente lle vimos rogando que instalen nos cruces das pistas de parcelaria na Agra de Entins, subindo de Áspera cara o Cruceiro de Roo e máis na pista que vai da Agra de Fontenlos ao Areal seguen sen ser repostas. Esta é a quinta vez que o pedimos e pasaron cinco meses. Pensamos que non é de recibo que se obstinen en non atender este rogo sobre todo cando é unha cuestión fácil de resolver e que redundaría sen ningunha dúbida na mellora da seguridade vial deses lugares. Por iso rogámoslle por quinta vez que procedan á súa reposición e temos a esperanza de que non teñamos unha sexta oportunidade de facerlle este rogo dentro dun mes.

- Do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

ROGO 1. Un veciño de Bendimón púxose en contacto con nós logo de intentar dende comezou o mandato municipal que se arranxara un dano do vial que vai dende Bendimón a Broña e entendemos que as demandas deste veciño son totalmente axeitadas. De ir visitar o estado dese vial e que non só se debería actuar nese senón que tamén estaría axeitado aproveitar a ocasión para parchear tamén na Ponte de Bendimón que presenta unha situación mellorable e rogamos que se proceda coa mellor celeridade posible para solventar este problema.

ROGO 2. A que se nos dea información antes de que se tome evento sobre a intención do Concello de facer unha cabalgata por aldeas, que parécenos unha boa idea e felicitamos ao goberno por iso, pero gustaríanos saber que plan de seguridade ten?, como ten o Goberno previsto desenvolvelo? E que se nos informe antes de que se desenvolva.



ROGO 3. Nas actividades do nadal non aparece o Apalpador por ningunha parte polo que poderían inculcarlle a nosa figura de Nadal.

- **Do Partido Socialista:**

ROGO 1. Boten un ollo se poden a tódolos rogos que fomos facendo os distintos grupos da oposición porque paréceme que imos bastante mal no cumprimento dos rogos ou na satisfacción de velos cumpridos.

Desexo que para o ano muden un pouco e fáganos un pouco máis de caso.

Remata a sesión ás 20:40 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A gravación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=0yXOFs5RPww>

